



TRABALLOS DA AULA


Interpretación de cortes histolóxicos




- **Tecido óseo.** Os osteoblastos envólvense nunha substancia producida por eles mesmos (matriz ósea). Os osteocitos son os propios osteoblastos cando perderon a súa capacidade de síntese e quedan encerrados en pequenas cavidades dentro da matriz ósea mineralizada. Os osteocitos están comunicados entre si a través de prolongacións citoplasmáticas, e obteñen deste modo nutrientes para sobrevivir. Nun corte transversal distínguense unidades chamadas osteonas, que teñen unhas láminas que se dispoñen concentricamente arredor dun conduto denominado conduto de Havers.




- **Tecido adiposo.** As células (adipocitos) teñen un tamaño que varía entre 50 e 150 μm e posúen forma poliédrica. Os núcleos aparecen aplanados e apenas visibles, xa que son desprazados por un gran vacúolo lipídico. Cada célula está rodeada dunha lámina externa e existe unha matriz extracelular composta por fibras reticulares (coláxeno tipo III).




- **Tecido muscular liso.** O citoplasma das células é abundante e aparece de cor rosa. Os núcleos das células son alongados e de localización central.



- **Tecido muscular esquelético.** Durante o desenvolvemento embrionario, cada célula de músculo esquelético fórmase pola unión de moitas células precursoras. No adulto, a célula é un sincitio que contén centos de núcleos. Cada célula está rodeada dunha lámina externa. Podemos distinguir: sarcolema (membrana celular) e sarcoplasma (citoplasma celular).



- **Tecido muscular cardíaco.** As células aparecen como estruturas elípticas ou lobuladas nun corte transversal. Posúen un núcleo central. Entre as células hai tabiques fibrocolaxenosos que teñen vasos sanguíneos. Mantéñense unidos entre si por desmosomas.



- **Tecido nervioso (codia cerebral).** As neuronas varían de tamaño e forma de acordo coa súa función. Na maior parte da codia cerebral hai seis capas distintas con diferentes tipos de células. Os capilares son moi abundantes. Os núcleos densamente tinxidos pertencen ás células glias, das cales os oligodendrocitos son os que máis destacan. O fondo é unha alfombra de prolongacións neuronais e glias.

ACTIVIDADES

1 Completa a seguinte ficha para cada un dos tecidos:

- Nome do tecido.
- Outras variedades relacionadas con este tecido.
- Nome das principais células deste tecido.
- Función que desempeña no corpo humano.
- Ante un proceso destrutivo, presenta capacidade de rexeneración?
- Posible tumor que se xere neste tecido cando os procesos de división celular se descontrolan.
- Elementos non celulares que forman parte do tecido, en caso de que existan.